



# PLAN DE FORMACIÓN EN ATENCIÓN TEMPERÁ 2015

## **XORNADAS INFORMATIVAS (4 edicións)**

### **A REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ. DESENVOLVEMENTO E MARCO NORMATIVO.**

#### **OBXECTIVOS:**

- Dar a coñecer o novo marco normativo da atención temperá en Galicia ás /aos profesionais dos tres sistemas de protección; sanidade, educación e servizos sociais.
- Dar a coñecer o protocolo de coordinación da atención temperá de Galicia ás /aos profesionais dos tres sistemas de protección; sanidade, educación e servizos sociais.
- Responder á demanda de formación, en materia de atención temperá, das/dos profesionais dos tres sistemas de protección; do sistema sanitario, educativo e do sistema de servizos sociais (servizos sociais comunitarios básicos e específicos).
- Trasladar aos profesionais da sanidade de atención primaria, a profesionais da atención educativa de menores de 0-6 anos e a profesionais con responsabilidades no programa de intervención familiar, o procedemento de actuación nos casos de situacións relacionadas co normal desenvolvemento dos menores .
- Dar información sobre a rede de atención temperá existente na Comunidade Autónoma; equipos e profesionais que a constitúen, así como o procedemento de coordinación e colaboración territorial en materia de Atención Temperá.

#### **PERSOAS DESTINATARIAS:**

**Empregadas públicas das Consellerías de; Traballo e Benestar, Sanidade e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que interveñan con menores de 0-6 e profesionais dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos, que interveñan con familias e menores.**

- Profesionais técnicos/as en activo, nos servizos sociais comunitarios, preferentemente con responsabilidades no programa de intervención familiar municipal.
- Profesionais técnicos/as de escolas infantís públicas, dependentes da Administración local e/ou autonómica .
- Profesionais da pediatría e ou de enfermería, en activo, en centros de atención primaria do SERGAS.
- Profesionais do sistema educativo que estean en activo, na atención a menores de 0-6 anos.
- Profesionais dos centros de menores, da Xunta de Galicia, con prazas para menores de 6 anos.

## **CONTIDOS:**

- Breve recorrido histórico sobre a atención temperá. Da Estimulación Precoz á Atención Temperá. Diferencias básicas entre os distintos modelos de intervención.
- Marco normativo da atención temperá en Galicia. Decreto 183/2013 do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.
- Protocolo de coordinación en atención temperá, entre as Consellerías de Traballo e Benestar, Sanidade e a de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- A atención temperá na carteira de servizos da dependencia; DECRETO 149/2013 do 5 de setembro.
- Situación actual da atención temperá e perspectivas de futuro.
- Rede de atención temperá de Galicia. Definición dos equipos de atención temperá e perfís profesionais. A atención temperá na carteira de servizos e na normativa de rexistro, autorización e acreditación.

## **DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN :**

### **A CORUÑA:**

Día 24/09/2015, en Santiago

**EGAP**- Escola galega de administración pública.

Rúa Madrid, Nº 2-4. Fontiñas - Santiago de Compostela.

### **LUGO:**

Día 30/9/2015, en Lugo.

Edificio administrativo da Xunta de Galicia.

Ronda da Muralla Nº 70 - 27003 Lugo.

### **OURENSE:**

Día 06/10/2015, en Ourense.

Edificio administrativo da Xunta de Galicia.

Av. da Habana 79, 2 - 32004 Ourense

### **PONTEVEDRA:**

Día 08/10/2015, en Pontevedra.

Edificio administrativo da Xunta de Galicia.

Avenida Fernández Ladreda 43. 36003 Pontevedra

## **HORARIO DAS XORNADAS :**

De 10 a 14 horas

## **SOLICITUDES:**

As solicitudes presentaranse, ata o 31 de xullo, na web de matrícula da Escola galega de administración pública (EGAP): <https://egap.xunta.es/matricula/login.php>

**CURSO:**

**A COORDINACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS, DA ATENCIÓN PRIMARIA DE SAÚDE E DO SISTEMA EDUCATIVO COA REDE DE ATENCIÓN TEMPERÁ DE GALICIA.**

**OBXECTIVOS:**

- Dar resposta á demanda de formación das e dos profesionais, de cada sistema de protección, sanidade, educación e servizos sociais, relacionados coa intervención e/ou atención de menores e as súas familias.
- Analizar a práctica diaria, na escola, nos centros de saúde e nos servizos sociais comunitarios, en relación coa demanda de atención temperá.
- Promover a interacción entre as persoas; profesionais dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos que traballan con familias a través do programa de intervención familiar e menores (escolas infantís) e as de educación infantil da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as de atención primaria da Consellería de Sanidade .
- Promover unha intervención de calidade coas familias e o entorno dos e das menores
- Proporcionar claves da coordinación intra e inter - institucional en materia de atención temperá .
- Promover o coñecemento sobre as claves da detección precoz e da prevención, dos trastornos do desenvolvemento infantil.

**PERSOAS DESTINATARIAS:**

**Empregadas públicas das Consellerías de Traballo e Benestar, Sanidade e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que interveñan con menores de 0-6 e profesionais dos servizos sociais comunitarios responsables do programa de intervención familiar.**

- Profesionais técnicos/as dos servizos sociais comunitarios, preferentemente profesionais con responsabilidades no programa de intervención familiar municipal.
- Profesionais da rede de escolas infantís de Galicia dependentes das distintas administracións públicas
- Profesionais dos equipos de atención temperá dependentes de; servizos sociais municipais, da Consellería de Traballo e Benestar e/ou do SERGAS.
- Profesionais do sistema educativo que interveñan directamente con menores de 0-6 anos, en materia de desenvolvemento persoal.

## **CONTIDOS:**

- Introducción: breve referencia ao protocolo de coordinación en atención temperá.
- A primeira noticia, o afrontamento. Procedementos profesionais, as vivencias e necesidades das familias cando se lles informa de que o seu fillo/a ten un trastorno do desenvolvemento ou risco de padecelo.
- O vínculo afectivo: unha base segura aplicada á atención temperá.
- As boas e malas prácticas en atención temperá.
- Papel das e dos profesionais dos servizos sociais comunitarios e do programa de intervención familiar, en relación coas necesidades familiares vinculadas aos trastornos do desenvolvemento infantil.
- Papel das e dos profesionais dos centros de atención primaria de saúde en relación coas necesidades familiares vinculadas aos trastornos do desenvolvemento infantil.
- Metodoloxía da intervención das/os profesionais técnicas/os dos servizos sociais comunitarios, básicos e dos específicos nos casos de necesidades relacionadas coa atención temperá.
- A atención familiar en relación coas situacións de trastorno do desenvolvemento nos menores da unidade familiar.
- Descrición das fases da intervención profesional en atención temperá.
- Coordinación intradisciplinaria e interdisciplinaria, interinstitucional e interadministrativa.

## **DATA DE REALIZACIÓN :**

Días 19, 20 e 21 de outubro de 2015

## **HORARIO:**

Días: 19 e 20 de outubro: de 9:30 a 14:00 e de 16:00 a 19:30 e o día 21 de 9:30 a 13:30

## **LUGAR DE REALIZACIÓN:**

**EGAP-** Escola galega de administración pública. Rúa Madrid, Nº 2-4. Fontiñas- Santiago de Compostela

## **SOLICITUDES:**

As solicitudes presentaranse, ata o 31 de xullo, na web de matrícula da Escola galega de administración pública (EGAP): <https://egap.xunta.es/matricula/login.php>

## **DOCENTE:**

**Juan Carlos Belda Oriola**, psicólogo clínico especialista en atención temperá. Presidente de GAT

## **CURSO:**

# **O PROCESO DE ACTUACIÓN EN ATENCIÓN TEMPERÁ A INTERVENCIÓN TÉCNICO – PROFESIONAL**

## **OBXECTIVOS:**

- Dar resposta á demanda de formación dos profesionais dos servizos sociais, sanitarios e educativos relacionados coa intervención con menores de 0-6 anos e as súas familias.
- Analizar os distintos modelos de intervención en atención temperá.
- Promover a interacción das e dos profesionais e intercambiar información sobre os modelos, utilizados actualmente na intervención en atención temperá.
- Afondar nas estratexias de intervención máis operativas, na atención temperá.
- Promover a interrelación entre os profesionais especialista en atención temperá.
- da Comunidade Autónoma.
- Compartir as boas prácticas da intervención en atención temperá dos distintos equipos profesionais da Comunidade Autónoma.
- Actualizar os coñecementos e as técnicas de intervención máis actuais en atención temperá.
- Promover a homoxeinización da intervención dos equipos de atención temperá de Galicia, en consonancia coas liñas de actuación máis operativas no ámbito da intervención sobre o desenvolvemento infantil.

## **PERSOAS DESTINATARIAS:**

**Persoas empregadas públicas, das Consellerías de Traballo e Benestar , de Sanidade e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como profesionais dos servizos sociais municipais dos equipos de atención temperá .**

- Profesionais, en activo, dos equipos interdisciplinarios de atención temperá dependentes de; servizos sociais municipais, da Consellería de Traballo e Benestar e do SERGAS e profesionais do sistema educativo que, polas súas responsabilidades laborais, interveñan nos aspectos do desenvolvemento persoal con menores de 0-6 anos de idade.

## **CONTIDOS:**

- Breve referencia ao marco normativo. O decreto 183/2013 polo que se crea a Rede galega de atención temperá e o protocolo de coordinación, intervención e derivación.
- A evolución da atención temperá. Da experimentación á sistematización e avaliación.
- Metodoloxía de traballo en atención temperá desde os equipos interprofesionais de intervención profesional
- Fases da intervención profesional en atención temperá:
  - Acollida.
    - Coñecer á familia
    - Coñecer o entorno significativo
    - Coñecer ao neno
  - Valoración
    - A valoración interdisciplinaria e transdisciplinaria
  - Intervención.
    - O plan personalizado de intervención
    - Participación familiar e contrato asistencial
    - A intervención coas familias e os procesos de vinculación
  - Avaliación.
    - Revisión ordinaria e revisión de transición
  - Altas e derivacións
- Coordinación intra e interinstitucional; Importancia do coidado dos aspectos colaborativos e de coordinación no procesos de atención temperá.
- Acreditación e avaliación dos procesos
  - Formularios de soporte
  - Sistemas de rexistro
  - Indicadores de avaliación: estruturais, formativos e sumativos.

## **DATA DE REALIZACIÓN:**

días 18, 19 e 20 de novembro do 2015

## **LUGAR DE REALIZACIÓN:**

**EGAP-** Escola galega de administración pública.  
Rúa Madrid, Nº 2-4. Fontiñas- Santiago de Compostela

## **HORARIO:**

Días: 18 e 19 de novembro: de 9:30 a 14:00 e de 16:00 a 19:30. Día 20 de 9:30 a 13:30

### **DOCENTES:**

**Jaime Ponte**, médico especialista en rehabilitación. Máster de Atención Temperá. Experto en alteracións da linguaxe. Coordinador das Unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar (UDIAF) do Deza, Salnés e Bergantiños

**Amador Estévez**, psicólogo Clínico. Unidade de Atención Temperá do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF)

### **SOLICITUDES:**

As solicitudes presentaranse ata o 31 de xullo na web de matrícula da Escola galega de administración pública (EGAP): <https://egap.xunta.es/matricula/login.php> .

### **INFORMACIÓN ADICIONAL:**

- Ler detidamente os requisitos de admisión da cada unha das accións formativas.
- Prazo de presentación das solicitudes: 31 de xullo de 2015
- Respecto das xornadas informativas provinciais: as persoas solicitantes deberán acceder á xornada provincial que se corresponda co lugar de traballo.
- Os datos das solicitudes presentadas serán enviadas, para comprobación do posto de traballo, a cada sistema de pertenza das/dos profesionais solicitantes: educación, sanidade e/ou servizos sociais, segundo proceda.
- Na 3ª acción formativa terán preferencia para asistir, os/as profesionais dos equipos de atención temperá públicos que non tiveran asistido á 2ª acción formativa.